

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACION DUN VEHICULO AUTOBOMBA NODRIZA PESADA PARA O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO DO CONCELLO DE LUGO. (EXP. REF. 48-2016). APERTURA SOBRE A E B (DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E ECONOMICA)

Sendo as 13:00 horas do día 2 de marzo de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo xefe do Negociado de Contratación, don Manuel Angel Brea Santomé, e actuando como vocais:

Don Manuel Louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica; dona María Baza Poudereux, pola Intervención Municipal; dona Carmen Flores Prado, Vicesecretaria en funciones do Concello; Don Miguel Vila López polo servicio de Bombeiros e como secretaria dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do servicio de contratación, patrimonio e fomento.

Abre a sesión o Sr. Presidente e procédese por parte da Secretaría da mesa a dar lectura ó informe do negociado de rexistro de data do día 1 de marzo de 2017 no que se pon de manifesto que á referida contratación se presentaron as seguintes plicas no rexistro deste Concello:

- 1.- ITURRI S.A.
- 2.- BULLFUEGO S.L.U.

Así mesmo informase por parte da secretaria da mesa da presentación en tempo e forma por correo de unha plica de FLOMEYCA S.A.

Procedese a apertura dos sobre A, documentación administrativa, das tres empresas presentadas, sendo esta correcta no caso das empresas ITURRI S.A. e BULLFUEGO S.L.U., e a **Mesa acorda excluir a empresa FLOMEYCA S.A., por presentar a oferta económica dentro do sobre A de documentación administrativa**, dando cumprimento ao establecido nos pregos “*A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B dentro do sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición por vulnerar os principios de discriminación e igualdade de trato.*”

Seguidamente procedese a apertura dos sobre B, oferta económica, das empresas admitidas arroxando o seguinte resultado:

- **ITURRI S.A.**, comprometese a execución do contrato por importe de 340.857 euros IVE incluído, e ademais oferta:

- . Aumento do prazo de garantía e condicións para o **chasis do vehículo** obxecto do contrato de 4 anos a maiores do mínimo obligatorio de 1 ano.
- . Aumento do prazo de garantía e condicións para o **carrozado do vehículo** obxecto do contrato de 19 anos a maiores do obligatorio de 1 ano.
- . Aumento do prazo de garantía e condicións para o **equipo de bomba** do vehículo obxecto do contrato de 9 anos a maiores do obligatorio de 1 ano.
- . Subministración e instalación de cámara de visión traseira (cor/branco e negro – función día /noite), con pantalla instalada na cabina para monitorización dende o posto de conducción.
- . Subministración de posto secundario de atención remota do equipo de radio, instalado na parte exterior traseira do vehículo (bomba), con indicador óptico e acústico de chamada, e microteléfono con altofalante.
- . Equipo de balizas recargables (mínimo 6 ud.) de tecnoloxía led, cor ámbar e vermello, para sinalización de intervención en vías públicas, estancas á auga (IP 67) con protección de caucho/goma flexible ou similar antigelpe, efectos estroboscopios seleccionables por pulsador; base imantada para suxección a vehículos, en maleta de protección estanca e antigelpe con cargador integrado e sinalización de carga; e conexión de alimentación externa de 220 VCA y 12 VCC (tipo mechero).
- **BULLFUEGO S.L.U.**, comprometese a execución do contrato por importe de 346.060 euros IVE incluído, e ademais oferta:

- . Aumento do prazo de garantía e condicións para o **carrozado do vehículo** obxecto do contrato de 1 anos a maiores do obligatorio de 1 ano.
- . Subministración e instalación de cámara de visión traseira (cor/branco e negro – función día /noite), con pantalla instalada na cabina para monitorización dende o posto de conducción.

Procedese a elaboración do cadro de puntuacións que quedaría da seguinte forma

	Oferta económica	Melloras gratuitas	Ampliación do prazo de garantía	TOTAL
Iturri S.A.	50 puntos	35 puntos	8 puntos	93 puntos
Bullfuego S.L.U.	6,92 puntos	15 puntos	0,25 puntos	22,17 puntos

A Mesa de Contratación acorda por unanimidade propoñer a selección da empresa ITURRI S.A., para a SUBMINISTRACION DUN VEHICULO AUTOBOMBA NODRIZA PESADA PARA O SERIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO DO CONCELLO DE LUGO, condicionado ao informe técnico previo favorable sobre o cumprimento do prego de prescripcións técnicas que será elaborado polo Sarxento de Bombeiros, Don Miguel Vila López á vista da MEMORIA DESCRIPTIVA DO VEHÍCULO presentada pola licitadora seleccionada.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia as 13:30 horas

O PRESIDENTE

Asdo.: Manuel Angel Brea Santomé

A SECRETARIA

Asdo: Ana Tabares Martínez



